



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Carmen Barreiro e os profesores Ana Iglesias Galdo, Manuel-Reyes García Hurtado, Pedro Gil Manso e Francisco Alonso Tajés.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Tras dar a benvida aos asistentes ao primeiro Consello de Goberno do curso académico 2013/2014, **o reitor** dá conta da reunión do Consello Galego de Universidades celebrado o día 31 de xullo, no que se aprobaron todas as titulacións tramitadas pola UDC, e se informou da reforma do Decreto 222/2011, impulsada pola Xunta de Galicia.

Así mesmo, informa da posta en marcha da residencia universitaria de Ferrol, e da celebración do convenio para aloxamento interxeracional, en colaboración co Concello de Ferrol.

Por último, o reitor da conta do nomeamento de Xavier Alcalá como xefe do gabinete de relacións científico-técnicas da Universidade da Coruña

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da convocatoria Conecta PEMES, da Axencia Galega de Innovación (GAIN), e de diversas convocatorias da Consellería de Educación da Xunta de Galicia: proxectos para equipos emerxentes, consolidación (grupos de potencial crecemento e grupos de referencia competitiva) e de contratos predoutorais.

O vice-reitor da conta tamén da resolución das convocatorias Ramón y Cajal e Juan de la Cierva do MINECO, da convocatoria de contratos predoutorais da UDC e dos programas GRADSchools, Leadership in Action e Supervisor Masterclass, auspiciados pola Fundación Pedro Barrié de la Maza.



Por último, o vicerreitor informa de que todos os programas de doutoramento organizados ou coorganizados pola UDC para implantación neste curso 2013-2014 foron verificados, agás o programa de doutoramento de Psicoloxía, que tivo informe negativo da ACSUG.

O **vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa sobre o proceso de implantación da nova versión da plataforma de teleensino *Moodle*. O 9 de setembro comezaron a producirse fallos de estabilidade por sobrecarga. Os servizos informáticos non foron quen de solucionar a situación sen parar o funcionamento da nova aplicación, polo cal se optou por volver á plataforma Moodle 1.9 até que se resolvan os problemas.

A **vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa que desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª.2 do Orzamento, imputáronse ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 23.606,66 € euros nos expedientes V-0018-13, V-0019-13, V-0020-13, V-0021-13 e V-0022-13, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno nas súas sesións do 02/08 e do 23/09 validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2013 por importe total de 272.606,10 € nos expedientes C-0010-13 e C-0011-13.

O **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da convocatoria de catro prazas de profesorado interino de substitución polo procedemento de urxencia, para cubrir docencia mentres se resolven os procesos selectivos de profesorado axudante doutor na área de proxectos arquitectónicos, e para cubrir a docencia por baixa de maternidade na área de fisioterapia.

En segundo lugar, comenta a situación das autorizacións solicitadas á Xunta de Galicia para convocar 4 prazas de profesor contratado doutor para aquelas prazas de axudante doutor que rematan contrato no ano 2014, de conformidade co aprobado no Consello de Goberno do 23 de xullo. Ao día de hoxe, a Xunta non nos remitiu contestación da solicitude de autorización.

A **vicerreitora de Estudantes, Deporte e Cultura** informa dos resultados do programa *Visita o teu campus*, que sumou 950 estudantes de Ensino Medio. As Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional organizadas en colaboración co Concello de A Coruña reuniu 1670 estudantes de toda a Comarca.



Engade que o programa de promoción de títulos se vai ampliar coa colaboración dos Centros Tecnolóxicos (CIT, CITIC e CITEEC) e mais coa elaboración dunha bolsa de conferenciantes que vaian impartir palestras divulgativas aos Centros de ensino medio e outra charla na que poderán colaborar o PDI, PAS e estudantado para dar charlas informativas sobre os títulos.

Tamén explica que se poderá dar medidas de apoio a aqueles títulos que así o precisen e alude as acción que fan os centros cos recursos da partida “O teu futuro en boas mans”, destinada a estes efectos. Explica que para o próximo ano, a partida mudará o nome para que non quede ambigüidade sobre o seu uso, que consiste en promocionar os títulos de grao e mestrado adscritos nos correspondentes centros.

Os campamentos de verán de Deportes e de Inglés destinados aos rapaces de entre 6 e 12 anos reuniron un total de 303 participantes. Houbo 19 cursos de verán cuxo aforo se completou, agás nun caso.

Así mesmo informa da saída da convocatoria xeral de axudas ao estudo que recollerá as solicitudes do estudantado afectado polos cambios de criterios académicos da *Convocatoria General y de Movilidad* do Ministerio.

Por fin, anuncia que nas semanas do 14 e do 28 de outubro se celebrará unha nova edición do foro Xuventude en Movemento organizado en colaboración coa Deputación e Europe Direct que ten por obxectivo mellorar a empregabilidade da xente nova e, en especial, do estudantado da nosa Universidade.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa dos resultados da mobilidade durante o primeiro semestre.

A pasada semana deuse a benvida institucional aos 277 estudantes estranxeiros que cursarán estudos nos campus da Coruña e Ferrol durante este semestre.

Se ben o número global descende un pouco con respecto ao ano pasado, en que viñeron 285, houbo un aumento considerable no número de alumnos do programa Erasmus, xa que a baixada tivo que ver cos cambios de criterio do programa Ciencias sen Fronteiras de Brasil que o ano pasado trouxo ás aulas coruñesas a 73 estudantes e este ano baixou a dez. Este descenso débese a que o programa brasileiro cambiou o destino dos países aos que se dirixían os seus alumnos primando, agora, os de fala



anglosaxona.

A vicerreitora destaca o aumento de estudantes internacionais nas titulacións en que se imparten aulas en inglés. Así, na Facultade de Economía e Empresa pasaron de 31 a 53 este curso, ou na de Ciencias de 14 a 22 alumnos. Outro dos grupos destacables pertencen ao programa Tempo Erasmus Mundus con países do leste de Europa, que suman máis de doce estudantes.

Por países, os que aportan máis estudantes á Universidade da Coruña son Italia, Alemaña, Polonia, México, Francia, Romanía, República Checa e Estados Unidos, mentres que as titulacións máis atractivas para estes alumnos son Filoloxía, ADE, Arquitectura, Dereito, Química, Bioloxía, Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Socioloxía. Por campus, a maioría estudará nos coruñeses xa que só unha decena deles estarán no campus de Ferrol.

No que respecta aos alumnos da Universidade da Coruña que estudarán fóra do seu país neste primeiro semestre, a cifra descendeu de 527 o curso pasado a 485 este curso. O descenso non foi moi considerable se se ten en conta a crise e a esixencia de acreditación lingüística, posta en marcha o ano pasado.

Dentro dos convenios específicos que se traen para a súa aprobación neste Consello de Goberno, a vicerreitora sinala a adaptación dos convenios tipo de colaboración académica e intercambio, basicamente para simplificalos e actualizar certas cláusulas.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa que o pasado 12 de setembro se coñeceu a resolución da oitava edición dos premios de Investigación promovidos pola UDC e o Concello de Ferrol.

O premio Enxeñeiro Comerma, que reconece a investigación no ámbito da enxeñería Industrial, foi para o traballo “*Deseño dunha máquina de ultrasóns para o aumento da eficiencia da quimioterapia*” cuxa autora é Silvia Espinosa Gútiez, da Universidade de Extremadura. O premio Antonio Usero do campo das ciencias do traballo recalou en Vanessa Zorrilla Muñoz polo seu traballo “*Trastornos musculoesqueléticos de orixe laboral en actividades mecánicas do sector da construción*”. A autora é investigadora da UPM.



Encanto ás actividades da OIX, informa que até o 25 de setembro está aberta a convocatoria do I Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero “Angeles Alvariño”. En este concurso contémpanse tres modalidades distintas: Tráballo fin de grao, Tráballo fin de mestrado e Tráballo fin de carreira.

Ata o 30 de setembro pódese concorrer o 1º Certame Fotográfico Rosalind Franklin: As mulleres na ciencia e na tecnoloxía. A este certame poderán presentarse de xeito individual todos os membros da comunidade universitaria da UDC

Recentemente chegouse a un acordo coa empresa que fai o transporte universitario Coruña-Ferrol, para utilizar ese servizo como conexión dos campus de Esteiro e Serantes. O servizo é gratuíto para os usuarios e poderá ser utilizado por todos os membros da comunidade universitaria.

Por último, en colaboración con a CRUE os días 17 e 18 de outubro terá lugar en Ferrol o IV Encuentro de la Red de Servicios de Atención a Personas con discapacidade en las Universidades. Esta actividade conta co patrocinio da fundación Universia, Fundación ONCE e a fundación ADDECO, e pretende ser un lugar de encontro para intercambiar experiencias e coñecementos que permitan seguir avanzando no noso interese a favor da igualdade de oportunidades. Nestas Xornadas contamos tamén coa colaboración da facultade de ciencias da saúde, que expoñerán produtos de apoio adaptados para persoas con discapacidade.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, que con data de onte 23 de setembro procedeuse á adxudicación de postos vacantes de técnicos especialistas de laboratorio grupo 3 de persoal laboral fixo, tras o remate do correspondente proceso selectivo de 27 prazas desta categoría laboral das seguintes especialidades:

- 5 da área eléctrica
- 5 da área mecánica
- 1 da área sanitaria
- 16 da área química

Por outra parte, e en relación co proceso de eleccións a representantes dos traballadores do colectivo de Proxectos e Convenios (capítulo 6), infórmase que mediante laudo arbitral ditado pola Inspección provincial de Tráballo con data 18 de xullo pasado desestimouse a impugnación formulada por D. Manuel Díaz Vázquez, en representación de CIG, resolvendo declarar



válido o preaviso núm. 203/2013, de 09 de setembro de 2013, presentado pola maioría sindical. Por parte de CIG presentouse denuncia perante a Inspección de Traballo contra esta Xerencia en defensa do seu dereito de liberdade sindical, presuntamente vulnerado. Tras a presentación por parte da Xerencia das correspondentes alegacións, non consta polo de agora ningunha dilixencia de actuación ou resolución da reclamación.

Como consecuencia do citado laudo arbitral de 18 de xullo, e tras a reunión preparatoria do censo electoral celebrada o 30 de xullo seguinte, con data 9 de setembro reuníronse os Sindicatos promotores, a Xerencia mais o persoal do colectivo de proxectos e convenios que ten que formar parte regulamentariamente da correspondente mesa electoral. Debatéronse as distintas opinións manifestadas sobre a composición do censo electoral e sobre a continua provisionalidade do comité de empresa deste colectivo laboral. Como consecuencia do debate, chegouse ao acordo por parte de toda a mesa, dos sindicatos presentes e da xerencia de que nun período de seis meses vai estudarse a posibilidade de que ao persoal que consta no referido censo poida serlle de aplicación, mantendo as súas categorías laborais, o convenio de PDI do SUG ou o convenio de persoal laboral de administración e servizos da UDC, segundo proceda, razón pola cal non se constituíu a mesa convocada.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 23 de xullo

Sométese á aprobación do Consello a acta da sesión ordinaria do 23 de xullo.

Nuria Vieira sinala unha errata na páxina 9, na que se debe recoller o nome de Carmen Barreiro.

Marisa sinala que na p. 12, a súa intervención na quenda aberta facía referencia ao convenio colectivo de PDI laboral.

Coas anteriores modificacións, a acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en oito (8) convenios marco, dezasete convenios específicos (17), e oitenta e catro convenios



para prácticas (84) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Proposta de modificación dos artigos 38 e 44 do regulamento dos estudos de doutoramento da UDC

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de investigación para dar conta das causas e contido da modificación técnica proposta, derivada da publicación do Real Decreto 516/2013, do 13 de xullo, que modificou o tipo de posibles cualificacións das teses de doutoramento. O texto do regulamento de estudos de doutoramento será harmonizado para incluír todas as concordancias previstas, e publicado na web para público coñecemento.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo IV**

5. Proposta de modificación do Regulamento de avaliación por compensación

O reitor pásalle a palabra ao Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen expón o contido da proposta: actualizar o regulamento ao feito de que xa están implantadas totalmente as titulacións de grao e mestrado, así como aos cambios organizativos derivados da nova RPT de PAS.

A profesora María Luísa Sánchez Simón pregunta se a regulación prevista respecto do conxunto grao-mestrado é da mesma rama ou afecta a outras posibles combinacións de ramas de coñecemento.

Manuel Graña sinala que, de conformidade co artigo 5, o tribunal non ten ningunha competencia, porque todo o proceso é administrativo, polo que considera que non fai sentido solicitar a concorrencia de cinco profesores ou profesoras para corroborar un trámite que xa ven feito.

Manuel Casteleiro interésase sobre o punto 1.3 da normativa.

Daniel Pena comenta que a avaliación por compensación pode ser utilizado fraudulentamente, e así o é, ao seu entender, cando se entrega un exame en branco para xustificar que se fixo o exame da materia.



O reitor aclara que non se formula agora un debate de fondo sobre o conxunto da normativa de avaliación por compensación, senón unha adaptación que busca mellorar tecnicamente a normativa.

O vicerreitor, a continuación, dá resposta conxunta ás cuestións suscitadas. Sobre o conxunto grao-mestrado, di que caben todas as posibilidades. A normativa é moi garantista, pero, por ser a avaliación un acto académico, xúlgase que debe ter un refrendo académico, non meramente administrativo. De aí a existencia do tribunal. Ao profesor Casteleiro, contéstalle que eran tres convocatorias en caso de materias LOU e dúas en caso de grao.

Nona Inés Vilariño anuncia un rogo para a quenda aberta de intervencións.

O vicerreitor comenta que o referente ás avaliacións anticipadas é consecuencia do seguinte punto da orde do día, polo que quedaría condicionado á súa aprobación.

Feitas as anteriores consideracións, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo V**.

6. Proposta de regulación do adianto de oportunidades de avaliación para titulacións adaptadas ao EEES

O vicerreitor de títulos, calidade e novas tecnoloxías explica as razóns que levan a formular esta regulación dun adianto de oportunidades de avaliación nas titulacións adaptadas ao EEES. Non se trata de cuestionar a avaliación continua das novas titulacións, senón flexibilizar os prazos para favorecer o termo dos estudos, unha vez que xa se está chegando nas distintas titulacións de grao ao momento de matrícula no traballo de fin de grao.

Se se aproba, esta proposta entraría en vigor, sen prexuízo da súa incorporación á normativa de matrícula do ano que ven.

Manuel Casteleiro considera que a normativa obedece a un problema real que se da especialmente nas titulacións técnicas: unha porcentaxe moi cativa dos estudantes serán capaces de rematar o grao en catro anos, incluído o TFG. Aínda que hai distintas alternativas posibles para resolvelo.



O estudante Miguel Valeiro considera que a solución proposta non resolve os problemas das carreiras técnicas, por exemplo os estudantes de licenciatura de Camiños que queiran pasarse a grao. Comenta a situación da normativa de Santiago de Compostela.

Luis Hervella quere saber se habería que planificar exames para todas as materias. Non, cando se coñecen os estudantes e as materias, habería que elaborar entón o horario de exames.

Moisés Canle comenta que esta convocatoria nova entre 25 de novembro e 5 de decembro é optativa ou obrigatoria para os centros.

O vicerreitor replica as anteriores intervencións. Considera que as casuísticas son variadas, pero con esta proposta se trata de flexibilizar os procedementos administrativos para propiciar a progresión académica acaída dos estudantes nos estudos de grao. Móstrase disposto a intercambiar valoracións cos estudantes sobre a normativa de Santiago, ou calquera outra. Sinala que non habería que planificar exames para todas as materias, senón para aqueles estudantes e materias que o precisen. Por último, sinala que o prazo é obrigatorio, pero deixa marxe para que os centros podan decidir en última instancia.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase como **anexo VI**

7. Proposta de convocatoria de prazas PDI contratado curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado e Planificación docente dá conta da proposta dunha praza de PDI contratado para o vindeiro curso académico que figura no **Anexo VII**. A praza foi informada favorablemente pola mesa sindical e a COAP.

Trátase dunha praza de axudante doutor (TC) para a área de enxeñaría telemática, por promoción un posto de axudante, dentro das promocións de axudantes autorizada pola Xunta de Galicia.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo VII**.

8. Proposta de cambio de dedicación curso académico 2013/2014



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita o cambio de dedicación da praza de profesora asociada de fisioterapia de D^a Yolanda Sanesteban Hermida (P01 a P03), para cubrir docencia mentres se prolonga a situación de IT de D. Ursicino Martínez González.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo VIII** á acta deste Consello de Goberno.

9. Proposta de prórroga de profesores honorarios

O vicerreitor de Profesorado solicita a primeira prórroga do profesor Rodrigo del Hoyo Fernández-Gago, da área de enxeñaría do terreo, até o 15 de novembro do 2015.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IX**

10. Proposta de autorización de licenzas

O vicerreitor de profesorado solicita as licenzas que figuran no **Anexo X**, correspondentes a dúas estadias solicitadas polos profesores Cristina Vázquez Herrero (área de enxeñaría da construción) e Artak Mkrtichyan (área de dereito internacional público e relacións internacionais).

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **Anexo X**

11. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Manuel Graña traslada ao consello de Goberno o enfado do seu centro pola supresión do servizo de vixilancia nocturna da Escola Universitaria Politécnica sen aviso previo ao equipo da escola. Informa tamén que o fin de semana houbo dúas intrusionas nos dous centros adxacentes á escola de Serantes. A situación é preocupante, ao seu xuízo, polo que solicita información ao equipo de goberno da Universidade.

O estudante Miguel Valeiro pregunta se se vai facer algo para que se fagan as guías docentes en galego.

O estudante Gonzalo Faya pregunta sobre os aparcamentos de bici na Facultade de Dereito. Considera que a utilización da web só en galego impide que os alumnos estranxeiros a entendan. Propón tamén aumentar o



fraccionamento dos pagos de matrícula. Pide, por último, que se deixe de falar de enxeñeiros “superiores”, porque non hai superiores nin inferiores.

Alba Sánchez Castanedo pregunta que se vai facer coa iniciativa de 2.000 sinaturas, recollidas pola Mocidade Nacionalista Galega, para aumentar os prazos de pagamento de matrícula.

O profesor Luis Hervella solicita aclarar se o fallo de *Gnosis* foi un problema de carga ou de migración de contidos. Tamén solicita unha normativa clara sobre a utilización de criterios de antigüidade na universidade.

Nona Inés Vilariño suxire que, no tocante á normativa de permanencia, se avalíe a posibilidade de considerar a “presentación” a un exame como feito susceptible de xerar efectos xurídicos, dado que ao seu entender non debería ter ningunha repercusión.

A profesora María Luisa Sánchez Simón comenta, en relación á comprobación da cotización dos bolseiros de prácticas á Seguridade Social, a conveniencia de que se recabe información das empresas para comprobar se cotizaron ou non polos seus estudantes.

Anxo Calvo traslada, pola súa parte, a preocupación existente no seu centro sobre a figura do “repetidor”: as bolsas de repetidores trastornan a formación de grupos, as avaliacións e a docencia, polo que deben valorarse correctamente na planificación docente.

Nuria Vieira pregunta sobre a negociación colectiva do ámbito do PAS laboral. Sobre a negociación sobre a eventual inclusión do persoal do capítulo VI noutro ámbito, pregunta se se informou ao comité de empresa do PAS laboral. Por último, solicita aclaración sobre a lexislación que se está aplicando na Universidade para abonar o denominado complemento de altos cargos.

O xerente contesta sobre o tema da seguridade da escola de Serantes.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías contesta sobre o uso do galego nas guías docentes, así como sobre o fraccionamento de matrícula. Pide desculpas se se utilizou a expresión de enxeñeiros superiores. O tema dos repetidores preocupa por todo iso, e tamén polo significado académico que ten (fracaso dos novos sistemas docentes).



Tanto o xerente como o reitor contestan que os acordos para estudar a extensión de efectos do convenio de PDI ou PAS ao persoal de capítulo VI, non implican integración de colectivos. Os representantes do comité de empresa do PAS laboral foron informados destas negociacións o día 9 de setembro.

O secretario xeral indica que a antigüidade só está regulada como criterio de desempate no regulamento electoral xeral. Na recente Lei 6/2013, introduciuse –dun xeito que vulnera a autonomía universitaria, ao seu xuízo– o criterio de antigüidade e a especialización para repartir docencia, pero sen resolver a relación coas normas legais reguladoras da conciliación laboral e familiar. Considera que é un tema delicado, que debe estar aberto á negociación en cada ámbito concreto, sexa facultade, departamento ou área, polo que non é aconsellable unha regulación xeral.

Verbo do complemento de altos cargos, o secretario xeral sinala que xa desde antes do Decreto Lexislativo 1/2008, que aprobou o vixente texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Universidade viña recoñecendo o plus ao PDI funcionario ao abeiro do dereito estatal (artigo 87.3 EBEP e art. 33.2 da Lei 31/1990, de orzamentos xerais do Estado para 1991), ben como a xurisprudencia do Tribunal Supremo. Este abeiro normativo non ten variado nos últimos anos.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:27 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito